



XERENCIA DE PROXECTOS DE EDUCACIÓN

Contas de dispositivos para conectarse á WiFi do centro educativo

Estimado/a director/a,

Está dispoñible para todos os centros educativos a posibilidade de crear contas de dispositivos para conectarse á WiFi corporativa edu.xunta.gal. Estas contas poden utilizarse, sempre que sexa preciso e así o determine a dirección do centro, para conectar dispositivos de uso común nos que non sexa práctico empregar contas persoais: ordenadores de aula, impresoras, paneis interactivos, etc.

A creación destas contas faise a través da aplicación [Contausuario](#) pola persoa directora do centro. Una vez se accede a **Contausuario** hai que premer na opción “Conta”, no apartado “3.2. Do meu centro” e finalmente premer en “Engadir”. No seguinte paso, escóllese o tipo de conta seleccionando “Dispositivo”, dentro do apartado “WiFi”.

Hai que inserir un nome descritivo do dispositivo para a conta que se vai crear e seleccionar a continuación a persoa responsable da mesma, podendo ser tanto a persoa directora como outra persoa en quen delegue, que será a persoa autorizada en Contausuario para proceder co cambio de contrasinal cando sexa preciso. Por último insírese o contrasinal desexado (que caducará ao ano) e remátase o proceso premendo en “Crear”.

Con estas credenciais así xeradas e coa configuración axeitada, poderá conectar o dispositivo á WiFi do centro:

[Manual de conexión á WiFi "edu"](#)

IMPORTANTE: Por motivos de seguridade cada conta soamente se deberá empregar nun único dispositivo, polo que o centro deberá crear tantas contas coma dispositivos de uso común que precise conectar á rede.

Se tivera algunha consulta ou dúbida, pode poñerse en contacto comigo para o que necesite.

Reciba un cordial saúdo